Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2026/1
SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, xoves 15 de xaneiro de 2026 -

No día da data, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:
PSdeG-PSOE
RAMÓN ABUÍN GÓMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
ANGEL JAMARDO REY
M. SOLEDAD BOGA GRELA

Unidade Veciñal de Dodro
REBECA RIAL DIZ
XOAN XOSÉ VICENTE FRANCO

Xente de Dodro
SERGIO JOSE BOGA GÓMEZ
VALENTÍN ALFONSÍN SOMOZA

AUSENCIAS:
LUCIA YÉSICA VECINO RODRÍGUEZ

SECRETARIA-INTERVENTORA:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na
ORDE DO DÍA

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
2. DACIÓN DE CONTAS DE ASUNTOS VARIOS

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN 14/11/2024
4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN 14/01/2025
5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN 14/05/2025

C) MOCIÓNS:

C.1) MOCIÓNS ORDINARIAS

6. MOCIÓN DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS NA LEI DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA
7. MOCIÓN DO BNG PARA MODIFICAR O ACCESO Á VIVENDA NO CONCELLO DE DODRO

C.2) MOCIÓNS URXENTES

D) CONTROL DO GOBERNO:

8. ROGOS E PREGUNTAS
9. OUTROS MEDIOS DE CONTROL DO GOBERNO LEGALMENTE ESTABLECIDOS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Boas noites. Son agora mesmo as oito da noite. Comezamos co pleno ordinario de hoxe, 15 de xaneiro, bueno que era o día 8, adiado a hoxe, día 15. Empezamos co punto 1 da orde do día."*

PROPOSTAS ORDINARIAS

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

EXPTE: 2026/G006/000014
ASUNTO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións que van desde o número 593/2025 ao 698/2025 e do 01/2026 ao 14/2026, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Asinado dixitalmente, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís.

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións da Alcaldía indicadas.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2. DACIÓN DE CONTAS DE ASUNTOS VARIOS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Aquí teño que dar en conta a dous asuntos que son:*

Unha contestación parlamentaria da Xunta de Galicia polo tema do pediatra para tódolos concelleiros, do tema de pediatra en Lestrobe, en donde fíxose unha pregunta no Parlamento de Galicia e o responsable contestou que o pediatra titular da praza do centro de saúde de Dodro cesou na súa actividade por xubilación forzosa ao cumplir os 70 anos de idade, con data efectiva de xubilación o 16 de Febreiro. No relativo á reposición e a cobertura da praza, esta está prevista mediante recurso ás listas de contratación de pediatría. Non obstante, na actualidade non existen profesionais dispoñibles nas devanditas listas, circunstancia estrutural coñecida no ámbito da pediatría de atención primaria que condiciona a posibilidade de cobertura inmediata das prazas vacantes, tanto de carácter temporal como definitivo.

En canto á organización asistencial, o centro de saúde de Dodro atópase integrado no Servicio de Atención Primaria de Padrón, de conformidade co establecido no decreto 200/1993 do 29 de xullo, da ordenación da atención primaria da Comunidade Autónoma de Galicia, esta adscrición responde a criterios organizativos e de planificación asistencial establecidos normativamente, co obxectivo de garantir a continuidade e accesibilidade de atención sanitaria á poboación infantil adscrita.

Respecto dos datos asistenciais dispoñibles, a poboación infantil adscrita o centro de saúde de Dodro é de 129 nenos e nenas a data de hoxe, 23 de decembro, tendo en conta que o día 25 de decembro é festivo, existen ocos de demanda asistencial dispoñibles para o día 26 de decembro, o que supón unha demora máxima de 2 días para atención pediátrica, mantendo así uns tempos de resposta compatibles cunha atención axeitada á demanda existente.

Finaliza: non existe outra documentación adicional relativa á situación da praza de pediatría no centro de saúde de Dodro, distinta a aquí reflectida para a información dos concelleiros.

E tamén quería dar en conta da situación das obras do POS para a información, porque bueno parece que levamos un retraso importante nas obras e e non é así, ou polo menos a nós parécenos que non é así, de feito a única que está, hai unha do POS adicional do 24 que está no proceso de contratación que é saneamento en Cancela Abrea, que son as dúas. Unha que viña pendiente do ano 23 que se xuntou coa do ano 24, entonces ahora mismo, eso é o que está en contratación. Despois a obra de acondicionamento do entorno da escola de Lestrobe, empezouse hoxe "Mellora do viario do núcleo de Bexo", firmouse o contrato hoxe, eses do ano 24. Do ano 25, a "Rehabilitación do Centro de Artes Escénicas de Dodro", está sufrindo demoras, porque hai problemas co proxecto,

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

estase requirindo modificacións continuas do proxecto; a última é unha modificación sinxela, que é que aparecen marcas comerciales na misma redacción do proxecto é hai que quitalas. Algo parecido pasa no "Camiño acceso a Teaio pola Cruz de Abelán", que irá ao próximo pleno a modificación do proxecto, porque se fixo aí unhas melloras.

Do POS adicional 2 do 2025, que é "A pista do Valo de Manselle e outro", está en proceso de contratación, "Camiño en Eiró e outro", tamén está en proceso de contratación e segunda fase do POS adicional do 25, segunda fase, "Mellora de seguridade viaria en San Xoán de Laíño", tamén esta en proceso de contratación e os do POS adicional da segunda fase, do 4 do 25, que se sacaron o outro día, aprobouse o outro día neste pleno e aínda no está aprobado pola Deputación. É importante, me parece, que os concelleiros sepan a situación das obras que estamos, que está que está a facer o concello de Dodro."

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN 14/11/2024

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por fin, veñen as actas ao pleno. Voulle dar un turno a cada portavoz para que fagan as súas aportacións. Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Bueno, primeiramente, quería decir, quería destacar este, digamos a demora, en traer aquí as actas ao pleno á súa aprobación. Esto ven debido a que a transcrición literal, e que á parte de que de empregar o tempo practicamente dun funcionario ou funcionaria, todo ou a maior parte do tempo, en transcribila. A intención do grupo de goberno e creo que dos demais grupos políticos aquí, debe de ir encamiñada á instalación para a vídeo acta.*

Estamos solicitando orzamentos para saber, máis ou menos, de que vai, logo terá que seguir o proceso administrativo correspondente, pero bueno, simplemente dicilo para que o teñamos en conta e evitar estas demoras de tempo, porque unha vez que estea gravado, pois xa sae o da vídeo acta e xa está.

E agora con respecto á acta esta que procede do 14 do 1 do 2024, nada que decir."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz da Agrupación política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, vimos a este pleno que se retrasou unha semana, supuestamente para tratar, para maior estudos dos asuntos a tratar e agora resulta que chegamos aquí non hai asuntos que tratar, o que hai que someter a votación son actas do ano 24, de xaneiro do 25 e de maio do 25.*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Fala, acaba de falar o Señor Castro, de retraso nas obras do ano 23, bueno a primeira acta que vamos a aprobar é de novembro de 2024, un ano e dous meses, bueno, xa non son soamente as obras as que van con retraso, son as actas, os plenos ...en fin, non é que as cousas vaian con retraso é que non se fai nada, absolutamente nada.

E sobre o contido da acta, pois bueno nos de momento non temos nada que dicir."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de grupo do Partido Popular, por favor."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, nós si temos algo que decir. A nós, chegounos a convocatoria deste pleno o luns ás 15:14 horas da tarde, no que non viñan as actas e entramos na sede electrónica e non había absolutamente ningunha documentación do pleno e presentamos un escrito pola sede electrónica comunicando este feito e eu concretamente, persoalmente, pedín que se me remitira a documentación do pleno ao día seguinte, xa que o martes ía estar de viaxe, non podía ter acceso á sede electrónica para descargala. Remitíuseme parte da documentación, porque as actas non se me remitiron, co cal pois bueno, púxenme en contacto ca secretaria do Concello, expliqueille o que ocorría e na sede electrónica, tampouco estaban colgadas as actas e bueno, despois de que o comprobou, efectivamente, confirmoume que debía de haber un erro, porque as actas normalmente chegan por mail e non chegaron. Logo colgáronas na sede e fixéronmas chegar por mail. Eu concretamente, recibinas ás 14:56 horas da tarde do martes. Hoxe é xoves, temos para aprobar, agora mismo que estamos coa acta do 14 de novembro do 2024, necesitaron vostedes 14 meses para traer a acta a aprobación e nós en 2 días, temos que revisar cento e pico folios e ver si está correcta. Así que por favor, pedimos un pouco de... porque o tema de que non cheguen as actas, non estén subidas á sede nin cheguen por correo, non é a primeira vez que ocurre, xa ocurriron máis, máis veces. Entón pedímoslle que por favor, unha: non se demoren en traer as actas... semejante cantidade de meses, máis dun ano. E dúas, bueno, unha vez revisada, porque si que a revisamos, quitando o tempo do noso... do noso descanso, tamén hai que decilo... Pois bueno, as actas están que dan vergonza, pero todas, cando remitirmos, nós, concretamente, este grupo municipal, remite en moitas ocasións as intervencións, tal cual se din no pleno, ao departamento correspondente do Concello.*

Resulta que cando as copian na acta, pois bueno, cópianas como lle cadra, sin puntuación, sin puntos e aparte, sin espacios, cambiando incluso, en ocasións palabras e signos de admiración ou un punto ou un punto e aparte, pero cando non mandamos as intervencións e a transcriben, bueno, eu non sei si vostedes leron as intervencións do pleno, porque non son solo as nosas eh?, hai algunhas súas, señor alcalde que dá verdadeira vergonza, porque non se entende o que di. Non teñen ningún tipo de puntuación, todo é con 20 comas, todo de corrido... les

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

un parágrafo e non te enteras do que di.

Entón o que si que pedimos é que por favor, cando mandamos as intervencións, e que é copiar e pegar, e que non teñen que pasar máis traballo, porque as mandamos tal cual as decimos aquí e cando as transcriban, si a persona que o fai pois non... faina de corrido, pois polo menos que alguén a revise e que polo menos poña algúns puntos, porque de verdade que lle digo que as lea.

Á parte de eso, bueno coa acta do 14 de novembro, na páxina 78, o punto 15; non vamos entrar nas correccións ortográficas, pero bueno, esta si que me parece un pouco escandalosa. Na páxina 78 do punto 15, da moción do taxazo de residuos, na nosa intervención, concretamente na miña, na cuarta línea di: "porque recórdolle, que non fai moito tempo, nas últimas eleccións automáticas", pon aquí; pídolle que o modifique e que se diga autonómicas, porque eso si alguén corrixe a acta ou o lee, xa se dá conta. Como estas hai moitísimas máis eh? Hai bueno, infinidade. De verdad que lle invito, a que lea algunhas que outras intervencións. Nada máis que decir."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois moitas gracias, eu contestarei despois un pouco a todos. Portavoz da Unidade Veciñal de Dodro."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Boas tardes a todos.*
A verdade é que as actas en total non son 100, son 200 folios, en total. O sea, pero bueno. Eu a acta do 14 de novembro que é a que estamos falando agora aquí, a verdade é que eu non me acordo, non me acordo, póñome a mirar a acta, non me acordo o que dixen fai un ano, un ano e dous meses, non sei. Basicamente imos aprobala, claro."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego. Desculpa Xoán."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Boas noites. A min na sede electrónica, por resumir un pouco, pídenme... non sei se aos demáis, pero a min pídeme unha... unha enquisa sempre, de satisfacción e non a cubrín aínda.*

Dito esto, eu entendo que que si hai erros sempre, non en estas actas, en todas, pero de maneira sucinta, como di a lei de procedemento administrativo, os acordos e as deliberacións que nós lles pasamos, como acabamos de dicir aquí, están ben; outra cousa é que, bueno, habería que mellorar como acaba de decir tamén o o portavoz do Partido Socialista."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, eu antes de nada, pois... agradecer a comprensión e si efectivamente, o sucedido con estas actas foi, primeiro produto de que se están facendo as actas literales, entonces se gravan ou se gravan e se pasan, entonces bueno, pois as personas a veces, en*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

semejante tocho, pois cometen erros de transcricións e de puntuación e efectivamente de compresión, estou completamente de acordo con vostede.

E a outra parte do tema, é que o TEDEC estase coa Deputación, como vostedes ben saben, é un sistema que funciona aparentemente bastante ben, pero bueno, ultimamente con estás historias, non nos está funcionando nada ben, envía unhas cousas e outras non, non teñen explicación. Estamos bueno, peleando con eso continuamente e bueno chegaron tarde, porque cando nos enteramos se procedeu a enviar directamente por correo electrónico a tódolos a tódolos concelleiros, non?

Como moi ben dixo o portavoz do Partido Socialista, estamos intentando substituír este procedimento que temos ahora instaurado, que é pois gravar as actas, as sesións como podemos, por un sistema de vídeo-actas que é bastante caro, que bueno, que estamos intentando solucionar o tema económico por un lado para poder telo, non? Entonces, automaticamente sería inmediato, sería moito máis rápido e tal, pero bueno que conste, que si efectivamente somos conscientes que hai un problema, que estamos traballando para que non se repita y bueno, pouco máis podo decir, non?

Simplemente pois pasar a aprobación, si lles parece das actas, da acta do día 14 de novembro do 24."

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do xoves 14 de novembro de 2024 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro
Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro
Abstencións: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Estado da Acta: Aprobada

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Repito que moitas gracias pola comprensión."*

4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN 14/01/2025

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Aprobación se procede, punto 4, Aprobación se procede da acta da sesión do 14/01 do ano 25. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Igual que na outra, nada que decir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Agrupación Política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pois si, un pouco máis do mesmo, esta é do 14 de Xaneiro, pero creo que, se non recordo mal, nalgunha destas actas se recolle xa e creo que era de novembro de 2024, o mismo problema que se vén de comentar agora mesmo.*
É dicir, un ano e dous meses despois seguimos cos mismos problemas na sede electrónica, na comunicación dos plenos, da documentación. É dicir, leva vostede un ano e dous meses, como mínimo intentándoo. Bueno, así con sorte, ao mellor dentro de cinco ou seis anos, o mellor si... si continúa, ao mellor igual conseguimos algo.

A verdade é que agora terse que reler todo este... toda esta documentación máis os decretos, pois eso, en escasas horas, tendo en conta que os demais tamén teñen outras ocupacións, pois si, si que require un esforzo, que non ven ao caso, porque facendo esas cousas normales, como ten que ser, pois o normal é aprobar a acta, pois si non é no pleno seguinte, pois no segundo pleno e non vir agora, un ano despois, a aprobar unha acta do que ocorreu fai un ano. É a misma dinámica de sempre, di vostede que o intenta... bueno .

É o mismo, total vai salir o mismo na acta, e entón, pois é máis do mismo, pero aplicado a todo, agora é que non respectan absolutamente nada, absolutamente nada nin os dereitos máis básicos do Concello, dos concelleiros... non se respectan.

E sobra acta, o mismo que antes. Non temos nada que dicir."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, bueno,*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

reiterámonos no dito, na redacción e transcrición das intervencións e queremos solicitar unha modificación na páxina 14, tamén nunha intervención nosa. Revisamos a nosa intervención que a tiñamos escrita e revisamos a gravación. E na última frase di: "como xa fixeron outros moitos concellos gobernados polo PSOE, BNG etcétera.", no, nós dixemos: "como xa fixeron outros moitos gobernados polo Partido Popular etcétera.". Entón, pídese que cambien eso, se non que revisen a gravación se non estiveran de acordo, non ten maior importancia, pero bueno, que cambien así as palabras nunha intervención, pois tampouco ten moito xeito."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Tomamos nota da modificación. Portavoz da agrupación Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Nada que decir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, eu agradézolle aos concelleiros, aos portavoces, a brevidade, non así ao portavoz de Xente de Dodro que con eses, con esas intervencións, evidentemente, ocupamos espacio inutilmente.*

Bueno, entendo que vamos a modificar esta acta, tal e como pide o Partido Popular. Si vos parece, si votamos a favor, pois xa quedaría aprobada con esta modificación."

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do martes 14 de xaneiro de 2025 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro
Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro
Abstencións: 2

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta
Estado da Acta: Aprobada

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN 14/05/2025

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Agora acta do día14 de maio de 25. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Tamén, nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Agrupación Política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, esta é recente, esta é de maio de 2025, aínda non pasou moito tempo, pero bueno tampouco pasa nada porque dá igual que estea ben, que estea mal, como di algún voceiro, vana aprobar igual."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias pola brevidade. Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nesta acta, nada que decir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Nada que dicir. Si nos pode dicir as actas que quedan por aprobar, que aínda creo que quedan bastantes, non?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Quedan, si si, hai algunhas"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Ao final."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Hai."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Claro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Hai algunhas que irán rápido, porque son máis cortas, "*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Pero eu rogaría que..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si estamos en eso, estamos..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Porque si non... bueno."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nada que decir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, vamos pasar a votación."*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do martes 14 de xaneiro de 2025 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro
Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro
Abstencións: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta
Estado da Acta: Aprobada

C) MOCIÓNS:

C.1) MOCIÓNS ORDINARIAS:

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS NA LEI DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente e le o voceiro do Partido Socialista, Ramón Abuín Gómez:

"O Grupo Municipal dos Socialistas de Dodro de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DO MOTIVOS

A Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, coñecida como Lei de Acompañamento dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, ten como finalidade propia a introdución de axustes técnicos e puntuais necesarios para a correcta execución orzamentaria. Porén, de maneira reiterada nos últimos anos, este instrumento normativo está a ser empregado para introducir reformas de fondo en leis sectoriais de especial relevancia, sen o debate público, a participación social nin o rigor parlamentario que este tipo de modificacións substantivas requiren.

Esta forma de proceder resulta especialmente preocupante cando afecta a unha norma estruturante como a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que debería constituír o marco xurídico básico para a protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural galego, entendido como un ben colectivo, non renovable e de interese xeral.

As modificacións introducidas a través da Lei de Acompañamento evidencian unha orientación claramente desreguladora, amparada nunha suposta simplificación administrativa, que se traduce na redución dos controis previos, na flexibilización dos contornos de protección e no debilitamento da tutela efectiva da Administración autonómica sobre o patrimonio cultural. Este cambio de enfoque supón un tránsito desde un modelo preventivo e garantista cara a outro de control administrativo mínimo, con riscos evidentes para a conservación do patrimonio histórico, cultural e paisaxístico de Galicia.

Un dos aspectos máis problemáticos desta reforma é a transferencia de funcións decisorias aos concellos en relación coa valoración e protección dos bens culturais catalogados (coa excepción dos declarados Ben de Interese Cultural) sen que esta delegación vaia acompañada da correspondente dotación de recursos económicos nin de persoal técnico especializado. A maioría dos concellos non dispoñen de arquitectos, arqueólogos nin técnicos en patrimonio suficientes para asumir estas responsabilidades con garantías, o que pode derivar nunha aplicación desigual da normativa, inseguridade xurídica e unha protección insuficiente do patrimonio.

A esta circunstancia súmase a introdución do silencio administrativo positivo en

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

procedementos que afectan directamente a bens patrimoniais, permitindo a execución de actuacións sen informe técnico expreso, precisamente nun contexto de insuficiencia estrutural de medios municipais. Na práctica, esta medida deixa os bens culturais catalogados nunha situación de vulnerabilidade incompatible cunha política pública responsable.

Especialmente sensible resulta a flexibilización da protección dos contornos dos Camiños de Santiago, bens declarados Patrimonio Mundial pola UNESCO, cuxa preservación esixe necesariamente a conservación do seu contexto territorial, ambiental e paisaxístico. A progresiva artificialización destes espazos pode comprometer non só a súa integridade cultural, senón tamén o seu recoñecemento e prestixio internacional.

Cómpre lembrar, ademáis, que o artigo 46 da Constitución Española establece que os poderes públicos teñen a obriga de garantir a conservación e promover o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico, con independencia da súa titularidade, configurando esta protección como un mandato constitucional que vincula a todas as administracións públicas.
Desde esta perspectiva, as modificacións introducidas non responden a unha estratexia integral de política cultural nin a unha visión a longo prazo do patrimonio como elemento de cohesión social, identidade colectiva e desenvolvemento sostible, senón que priorizan a axilidade administrativa e determinados intereses sectoriais fronte á protección do interese xeral.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista, propón ao Pleno a seguinte moción:

PROPOSTA DO ACORDO

1.Instar á Xunta de Galicia a revisar as modificacións introducidas na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a través da Lei de Acompañamento dos Orzamentos, co fin de garantir un nivel axeitado de protección do patrimonio cultural e paisaxístico, especialmente no relativo aos bens culturais catalogados e aos contornos dos Camiños de Santiago.

2.Demandar que as reformas da lexislación cultural se tramiten a través de procedementos lexislativos ordinarios, con participación dos concellos, dos profesionais do patrimonio e da cidadanía, evitando o uso da Lei de Acompañamento para modificacións de carácter substantivo.

3.Solicitar que calquera delegación de funcións aos concellos en materia de patrimonio cultural vaia acompañada da correspondente dotación de recursos económicos, persoal técnico cualificado e mecanismos efectivos de coordinación interadministrativa que permitan o exercicio destas competencias con garantías.

4.Reclamar a eliminación do silencio administrativo positivo nos procedementos que afecten a bens patrimoniais, asegurando a necesidade de informes técnicos expresos como instrumento básico de seguridade xurídica e operativa na toma

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

de decisións.”

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Moitas gracias Moncho. Portavoz da Agrupación política de Xente de Dodro.”*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *“Bueno, pois esta moción é unha mostra máis do cinismo de quenes están a gobernar o concello de Dodro.*

Esta a falar o concello, o concelleiro responsable de obras, da protección do patrimonio paisaxístico, xustamente o responsable dunha construción ilegal feita cos cartos dos veciños. Xustamente, o responsable de vixiar pola legalidade das obras que ante o vertedoiro ilegal no monte de Bexo, púxose de costas para non molestar os seus amigos, a pesar de que tanto a secretaria coma o arquitecto, apunta a ilegalidade da obra. Alcalde, concelleiro, secretaria, arquitecto esto semella máis un grupo de amigos do señor Ábalos.”

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Que marabilla! Portavoz do Partido Popular.”*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“Si, a Xunta de Galicia traballa cada día co foco posto nas necesidades dos concellos e dos cidadáns, realizando unha aposta decidida pola desburocratización e axilización dos trámites da administración, facendo que calquera cidadán que se achegue a ela, poida atopar uns procedementos máis rápidos e máis sinxelos. Neste caso, un dos problemas que se viña acusando, era a demora nos procedementos relativos a autorizacións de patrimonio, de feito, o concello de Dodro lévao sufrindo durante bastante tempo, algo que se debe a que a Xunta de Galicia asumía a tramitación de máis de 30.000 expedientes de todos os os concellos de Galicia, por ano e que levaba unha espera de seis ou doce meses por procedemento.*

Por iso, o Goberno Galego impulsou a nova modificación da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, dando resposta a unha demanda histórica da administración local. Así, suprímese a necesidade de autorización por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en determinadas actuacións, por exemplo, as renovacións de canelóns, de baixantes, de línea de vida, para neves e outros elementos complementarios nas cubertas e se se mantén a solución formal e construtiva existente. E noutros casos, nin se quererá teñen que informar nin a Xunta nin os concellos, o que permite unha mellora na xestión e redución, sobre todo no tempo de espera nós trámites, xa que hasta agora a Xunta era a única administración autonómica que informaba sobre os bens con diferentes grados de protección polo territorio galego.

A reforma básase en tres eixes principales:
Un é a supresión da necesidade de autorización previa, por parte da Consellería de Cultura, nas intervencións en bens catalogados con protección estrutural ou

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ambiental, pasando a ser os Concellos os que poidan autorizar dita intervención, con lo cual, os veciños recibirán bastante antes os permisos.

Dous, clarificación e homoxenización dos criterios nos camiños de Santiago catalogados e a súa contorna protexida, suprimindo a necesidade de autorización por parte da Consellería, pasando a ser valoradas polos Concellos. Estas actuacións en municipios de máis de 50.000 habitantes, nos que o trazado pase por superficie urbana, xa que se fará no marco de desenvolvemento municipal e as intervencións que non afecten ao trazado, aos bens estruturais ou parceles colindantes.

E terceiro, a axilización dos trámites para as tarefas forestais, deixando de precisar autorización para tarefas da silvicultura ou substituíndo o permiso da Consellería por unha declaración responsable nas cortas de árbores, cando afecten só a bens de protección estrutural ou ambiental. No caso do territorio histórico do Camiño, elementos BIC ou protección integral, continuará sendo necesaria a autorización da Consellería.

Con estes cambios, a Xunta de Galicia trata de axilizar e desburocratizar os procedementos, garantindo unha protección máis eficaz e coherente do noso patrimonio.

En esta moción, a oposición di unhas cuantas mentiras, porque di que: "a lei foi modificada sen debate nin participación social" e iso é falso, a Xunta de Galicia presentou ante todos os alcaldes, concelleiros e técnicos de Galicia, estas modificacións con reunións en todas as provincias e máis adiante as modificacións foron debatidas no Parlamento de Galicia e finalmente aprobadas.

Din tamén: "o silencio administrativo positivo deixa os bens culturais nunha situación de vulnerabilidade", esto é falso. Por Real Decreto Lexislativo 7/2015, da Lei do Solo de Galicia establece: "en ningún caso, entenderanse adquiridas por silencio administrativo, facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística, así que o que están dicindo na moción non é certo; isto implica que non se poderán obter por silencio administrativo, licencias que vulneren o establecido na lei de patrimonio cultural de Galicia. Tamén din que os cambios supoñen riscos evidentes para a conservación de patrimonio histórico e tamén é falso, as modificacións na lei non supoñen ningunha redución das normas de protección, ningunha, seguen sendo as mesmas. Aínda así, os concellos non poden ser considerados coma entidades incapaces ou menores, porque tamén traballan pola protección do patrimonio.

Din tamén que a modificación supón unha transferencia de funcións decisorias aos concellos, é totalmente falso, non se pode entender como unha atribución de novas competencias aos concellos, posto xa viñan emitindo unha licencia urbanística que tiñan que ter un informe do arquitecto técnico municipal, co cal non lle supón absolutamente máis traballo.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Din tamén que as administracións desprotexen ó patrimonio e tamén é falso, todas as administracións teñen a obriga de velar pola protección do patrimonio, todas, o Concello tamén. Esta tarefa debe ser conscientemente asumida por todos.

E por último, din tamén aue as modificacións poñen en risco a protección dos Camiños de Santiago e tamén é falso, suprímense a necesidade de adaptación do planeamento municipal ás previsións do Plan Territorial Integrado do Camiño de Santiago, para que os concellos estean habilitados para autorizar as intervencións que se realicen no seu ámbito e de xeito concreto introdúcese unha listaxe de usos, actividades e intervencións compatibles coa protección dos camiños."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias. Portavoz da Unidade Veciñal de Dodro."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si, contestarlle á portavoz do PP que a demora dos 30.000 expedientes eses é porque o primeiro que fixo o Partido Popular ao chegar ó goberno, despois do bipartito, foi recortar drasticamente, o orzamento da Dirección Xeral de Patrimonio, a xente que estaba traballando alí, facendo facendo precisamente informes, botáronas á calle porque se lle acabou o contrato, non houbo renovación, non houbo nada e practica foi practicamente o que pasou, por eso hai a demora evidentemente, antes non a había, a demora produciuse no momento en que chegou o Partido Popular ao goberno.*

Nós estamos de acordo con esta moción e votaremos a favor, pero antes queremos facer unha relación de organismos e colectivos que expresaron críticas e reservas sobre a modificación da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia. Un deles foi o Consello da Cultura Galega, fai un informe demoledor, no que se alerta de que a transferencia de competencias aos concellos pode perder control sobre os bens patrimoniais e xerar problemas constitucionais, pola eliminación de autorizacións previas da Xunta. A a Federación Galega de Municipios e Provincias, presentou alegacións argumentando que este cambio normativo, supón unha maior carga de traballo para os concellos e que terán que desenvolver eses trámites sen financiamento correspondente, malia tratarse dunha competencia exclusiva da Xunta que procede á sua delegación sin achegar os recursos necesarios. A Plataforma Estatal de Profesionais de Arqueoloxía, moi crítica á regulación e a perda de garantías de protección dos bens patrimoniais. A Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, a xunta de goberno da facultade, na súa xuntanza do 16 de decembro, aprobou un escrito en defensa do patrimonio cultural de Galicia, o centro expresa con este texto o seu desacordo coa modificación introducidas na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, que delega nos concellos a autorización de intervencións en bens catalogados con protección estrutural ou ambiental, eliminando a preceptiva autorización previa da Consellería de Cultura. A Real Academia Galega de Belas Artes tamén fixo publico o seu rexeitamento. A Asociación para a

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Defensa do Patrimonio Cultural de Galicia, fixo a Patrial, fixo un escrito asinado por 22 asociacións de protección do patrimonio de todo o Estado e que vai presentar na Consellería de Cultura.

Practicamente tódalas asociacións relacionadas coa protección do patrimonio, tanto galegas como estatais, están en contra desta medida. O PP é o único ao que non lle importa nada o patrimonio cultural galego, porque este é unha das señas que nos identifica como nación.

Non temos claro que o silencio administrativo permita a actuación no patrimonio cultural, pero en ese caso, pode pasar que os técnicos municipais, que non teñen competencias en patrimonio, deixen pasar os expedientes, os expedientes todos, serían aprobados por silencio administrativo... un despropósito, si se da este caso, si se chega a dar este caso, non temos claro que o silencio administrativo permita estas actuacións.

Ademais, esta é outra competencia máis que a Xunta delega nos concellos, sen aportar nin medios económicos nin de personal, xunto coa do servizos sociais, educación, no mantemento de centros, a política forestal, a xustiza... aportando locais e persoal auxiliar e mantemento etcétera. Pero pode pasar o seguinte: os hórreos que son BIC, os hórreos de máis de 100 anos e necesitan informe sectorial da Xunta, o sea, calquera obra nun hórreo, son BIC, necesita un informe sectorial da Xunta ao ser BIC, pero unha intervención na area de protección, por exemplo, dos petróglifos de Bouza Badín, chegaría cun informe técnico do urbanismo do Concello, do técnico de urbanismo.

Nada máis."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Estamos de acordo ca na moción e ca exposición de motivos, o que por resumir un pouco, porque moitas cousas xa se dixeron aquí, do que é o fracaso do Partido Popular con con esta lei, leva dez anos con ela e ela mesma está emendando a súa propia lei.*

Una lei que xa naceu mal, porque soamente foi aprobada polo Partido Popular hai dez anos no ano 2016, e mire,resulta que agora non lles vale e o que queren e botar balóns fora, falando de que a burocratización que se vai a reducir. No, o que se lle vai é a pasar os concellos máis carga de traballo e evidentemente, como se dixo xa aquí, sen personal e claro eso porque se fai?, porque non hubo dialogo, houbo a presentación, minte o Partido Popular claro, efectivamente houbo unha presentación do que íbamos a facer, esto é o que hai señores do parlamento, señoras do parlamento e vámolo a votar, temos maioría absoluta, a apisonadora do Partido Popular aprobou eso, pero o que había que facer ao mellor, era falar cos non sei, a FEGAMP mesmamente, para que xustamente, vira

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

desde o concellos cal era a realidade, porque non todos os concellos ten como, por exemplo Dodro, agora mesmo, un arquitecto, un arquitecto que foi pedido xa desde o ano 2018, polo polo Bloque Nacionalista Galego e que, entre outras cousas, que ven pola Deputación, tamén podiamos poñer un exemplo da Deputación no que sacou unha liña de axudas no Patrimonio, para este ano e incluso o mellor, para o 2026 de 2 millóns, para unha liña para a protección de patrimonio, aquí aprobamos unha moción xustamente para o arranxo de Eira da Malla en ese sentido, é algo que si que debería de copiar o o Partido Popular e non coller e facer unha especie de parche que non resolve o colapso e que o normal, desde logo sería, dotar de máis persoal a Xunta e dotar realmente da capacidade que ten que ter a Xunta que é velar polo patrimonio.

O que está facendo é, co Camiño de Santiago, por exemplo, que se poidan cortar, o sea, parece que apostan por unha turistificación antes que polo patrimonio, bueno vese, vese, desde que chegou o partido popular, non?

E desde logo claro, como non poden privatizar, os recortes non van a... nunha privatización, porque hai unha sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, para o ano 2022, que que di que Tragsa non pode facer este tipo de informes, claro, a quen lle pasamos? , aos Concellos.

Nós, por suposto, non estamos de acordo con estas maneiras de gobernar, xa o expresamos no Parlamento. Apoiamos a moción e aínda imos máis alá da moción do PSOE, que no lugar que din "de revisar" nós diriamos "retirar", en vez de revisar, retirar as modificacións introducidas na lei 5/2016 de 4 de maio."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si, vamos a ver. Ao voceiro de XD, primeiro que me extraña que agora que nas mocións que este presente, antes tiña sempre moito, nos últimos plenos, sempre tiña moita presa e se marchaba. Dicirlle, estamos falando de patrimonio cultural non do paisaxístico, pero bueno, vostede sempre ca misma letanía sigue.*

Voceiro do PP, moi ben, transcrita a lei, tal como esta, a lei, o que pon a lei, aprobada polo Partido Popular e transcribeu ahora.

E bueno, ahora vou dar a miña opinión sobre esto. A lei de acompañamento que debería ser un instrumento para axustar aspectos menores e técnicos de orzamentos, convértese unha vez máis, baixo o goberno do Partido Popular, nun vehículo lexislativo encuberto, para introducir reformas de fondo en leis sectoriais, sin o debate público, recalco eso, nin o rigor parlamentario que requiría.

As modificacións introducidas, revelan unha orientación claramente liberalizadora, orientada a facilitar a intervencións urbanísticas, forestais e

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

turísticas, en contornos protexidos, reducindo os controis previos e debilitando a tutela da administración autonómica sobre patrimonio.

A Xunta, baixo a retórica da simplificación administrativa, está transferindo competencias aos Concellos sin asegurarlle medios técnicos nin personal especializado.

Uns puntos a ter en conta, que a Xunta delega nos Concellos a función e a patria potestade de decir si o elemento, o ámbito ou a paisaxe, ten un valor patrimonial ou non. Tras esa valoración, outorgarase a decisión que estima oportuna. Trátase dunha delegación oculta, xa que non os dota nin de orzamento nin de personal técnicos cualificado. É en toda regla, unha delegación de competencias encuberta, xa que ao ser unha delegación, tería que estar dotada de orzamento e recursos humanos.

O único patrimonio cultural que aparece protexido, son os BIC, que xa se atopan protexidos pola lei estatal e non poden obviala. Esa desprotección, ven escenificada en eliminación de zonas de amortecemento e protección do Camiño de Santiago.

Outra das modificacións que pon a lei é, dar por efectivo o silencio administrativo, é dicir, pídese unha valoración ou informe, sobre un ben patrimonial en concreto, por unha actuación determinada, o devandito informe ou valoración, ten que solicitarse ao concello oportuno. Se en tres meses, o concello non da resposta, dáse por válida a actuación e pode efectuarse sin ningún tipo de supervisión.

As modificacións que supón a flexibilización dos seus contornos de protección, a corrección de erros por resolución administrativa, simplificación e desregularización de intervencións, intervención forestais, agrarias e ampliación de excepcións para bens da Igrexa Católica, que dice: "A Igrexa sigue a disfrutar un réxime privilexiado, ao quedar moitas intervencións sometidas directamente a autorización autonómica, sin intervención municipal nin coordinación co urbanismo local e a introdución de usos compatibles nos Camiños de Santiago. E despois, a disposición transitoria décima, que di que "os procedementos en curso seguiran o réxime anterior, pero as novas solicitudes pasarán a rexerse pola norma simplificada.

Unha valoración? A instrumentalización da lei de acompañamento. O PP emprega unha lei orzamentaria para modificar as lexislacións substantivas, esquivando informes, participación cidadá e debate parlamentario. É unha práctica antidemocrática e opaca, reiterada ano tras ano.

Desprotección patrimonial e urbanismo encuberto. A norma prioriza á axilidade sobre a protección, favorecendo intervencións privadas en áreas sensibles, en particular nos Camiños de Santiago e nos centros históricos. Mínimo, incompatible coa conservación rigorosa do patrimonio.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Competencias sen recursos, delegar máis funcións aos Concellos sen reforzar as súas capacidades é unha trampa administrativa que acabará degradando a calidade de tutela patrimonial.

Desequilibrio entre conservación e negocio. Esta lei é o soño da industria inmobiliaria e turística, máis facilidades, menos informes, menos tempos de espera.

Conclusión, esta lei de acompañamento é un cabalo de Troia lexislativo. Baixo a aparencia administrativa, agocha unha reforma profunda do sistema galego de protección do patrimonio cultural, orientada a desregular, privatizar e invisibilizar o control político. O Partido Popular está convertendo o patrimonio de todos nun instrumento o servizo dos intereses económicos particulares, mentres reduce os controis e debilita as garantías democráticas.

E desde o PSdG, denunciamos con firmeza o abuso lexislativo e a falta de transparencia, a desprotección do patrimonio cultural natural, a concesión de privilexios en determinados sectores e a ausencia de visión estratéxica sobre a cultura como motor de cohesión social e identidade. E na máis.

Ademais, tipifica como delito, a través do dereito penal, calquera atentado con este patrimonio, eso é o que dice o artigo 46 da Constitución Española, que estaba alí, xa estaba transcrito no texto da moción."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, antes da votación dicir dúas cousas. Simplemente, me marabilla o cinismo do portavoz da Agrupación Política Xente de Dodro que votou en contra da RPT, que incluía por fin, un arquitecto a tempo completo neste concello y agora di que non facemos nada. Polo menos, estamos dotando ao Concello de persoal para que, fóra das presións persoais de un alcalde ou de outro, teñan o seu posto de traballo, coa suficientemente tranquilidade e garantías, para que poidan exercer o seu traballo dignamente e sin presións, como sucedeu en outros, en outras épocas, onde aquí había arquitectos que botaban escasamente un par de meses, sendo vostede alcalde. O seu cinismo é absolutamente incrible.*

Respecto o Partido Popular, evidentemente entendo que veñan aquí a defender unha lei, pero como quedou ben claro, polas intervencións de todo o mundo e polo informe do Consello da Cultura Galega e incluso pola FEGAMP que é curioso, preséntaa a FEGAMP, cos votos de moitos, de moitos concellos do Partido Popular que despois bueno, teñen que retractarse publicamente.

O que máis me chama a atención é unha frase moi curiosa nas alegacións que di:"sen o financiamento correspondente, malia tratarse dunha competencia exclusiva da Xunta, que procede á súa delegación, sen achegar os recursos necesarios".

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Esto é un pouco o colmo e a situación que sufrimos nos concellos, esto, xa nos parecía, que nesto non, pero en esto tamén que nos chegue... nos parece que temos que mostrar o noso desacordo.

E bueno, se vós parece,vamos a proceder á votación."

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Retirar ou revisar?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si. A nós danos igual, si vale retirar en vez de revisar. É no punto primeiro, na primeira liña e dice: "Instar á Xunta de Galicia a retirar as modificacións introducidas na lei. A min si, a min váleme, non habería ningún..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Non se vota?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos a votar, non?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"A emenda, non?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Primeiro o cambio e despois a moción en concreto.*

Procédese á votación da transacción en primeiro termo, tal e como determina o artigo 43 do Regulamento Orgánico Municipal.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro
Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro
Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Estado da Proposta: Aprobada

Aprobada a transacción, a moción queda redactada da seguinte maneira:

O Grupo Municipal dos Socialistas de Dodro de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DO MOTIVOS

A Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, coñecida como Lei de Acompañamento dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, ten como finalidade propia a introdución de axustes técnicos e puntuais necesarios para a correcta execución orzamentaria. Porén, de maneira reiterada nos últimos anos, este instrumento normativo está a ser empregado para introducir reformas de fondo en leis sectoriais de especial relevancia, sen o debate público, a participación social nin o rigor parlamentario que este tipo de modificacións substantivas requiren.

Esta forma de proceder resulta especialmente preocupante cando afecta a unha norma estruturante como a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que debería constituír o marco xurídico básico para a protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural galego, entendido como un ben colectivo, non renovable e de interese xeral.

As modificacións introducidas a través da Lei de Acompañamento evidencian unha orientación claramente desreguladora, amparada nunha suposta simplificación administrativa, que se traduce na redución dos controis previos, na flexibilización dos contornos de protección e no debilitamento da tutela efectiva da Administración autonómica sobre o patrimonio cultural. Este cambio de enfoque supón un tránsito desde un modelo preventivo e garantista cara a outro de control administrativo mínimo, con riscos evidentes para a conservación do patrimonio histórico, cultural e paisaxístico de Galicia.

Un dos aspectos máis problemáticos desta reforma é a transferencia de funcións decisorias aos concellos en relación coa valoración e protección dos bens culturais catalogados (coa excepción dos declarados Ben de Interese Cultural) sen que esta delegación vaia acompañada da correspondente dotación de recursos económicos nin de persoal técnico especializado. A maioría dos concellos non dispoñen de arquitectos, arqueólogos nin técnicos en patrimonio suficientes para asumir estas responsabilidades con garantías, o que pode derivar nunha aplicación desigual da normativa, inseguridade xurídica e unha protección insuficiente do patrimonio.

A esta circunstancia súmase a introdución do silencio administrativo positivo en procedementos que afectan directamente a bens patrimoniais, permitindo a execución de actuacións sen informe técnico expreso, precisamente nun contexto

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

de insuficiencia estrutural de medios municipais. Na práctica, esta medida deixa os bens culturais catalogados nunha situación de vulnerabilidade incompatible cunha política pública responsable.

Especialmente sensible resulta a flexibilización da protección dos contornos dos Camiños de Santiago, bens declarados Patrimonio Mundial pola UNESCO, cuxa preservación esixe necesariamente a conservación do seu contexto territorial, ambiental e paisaxístico. A progresiva artificialización destes espazos pode comprometer non só a súa integridade cultural, senón tamén o seu recoñecemento e prestixio internacional.

Cómpre lembrar, ademáis, que o artigo 46 da Constitución Española establece que os poderes públicos teñen a obriga de garantir a conservación e promover o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico, con independencia da súa titularidade, configurando esta protección como un mandato constitucional que vincula a todas as administracións públicas.
Desde esta perspectiva, as modificacións introducidas non responden a unha estratexia integral de política cultural nin a unha visión a longo prazo do patrimonio como elemento de cohesión social, identidade colectiva e desenvolvemento sostible, senón que priorizan a axilidade administrativa e determinados intereses sectoriais fronte á protección do interese xeral.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista, propón ao Pleno a seguinte moción:

PROPOSTA DO ACORDO

1.Instar á Xunta de Galicia a retirar as modificacións introducidas na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a través da Lei de Acompañamento dos Orzamentos, co fin de garantir un nivel axeitado de protección do patrimonio cultural e paisaxístico, especialmente no relativo aos bens culturais catalogados e aos contornos dos Camiños de Santiago.

2.Demandar que as reformas da lexislación cultural se tramiten a través de procedementos lexislativos ordinarios, con participación dos concellos, dos profesionais do patrimonio e da cidadanía, evitando o uso da Lei de Acompañamento para modificacións de carácter substantivo.

3.Solicitar que calquera delegación de funcións aos concellos en materia de patrimonio cultural vaia acompañada da correspondente dotación de recursos económicos, persoal técnico cualificado e mecanismos efectivos de coordinación interadministrativa que permitan o exercicio destas competencias con garantías.

4. Reclamar a eliminación do silencio administrativo positivo nos procedementos que afecten a bens patrimoniais, asegurando a necesidade de informes técnicos expresos como instrumento básico de seguridade xurídica e operativa na toma de decisións.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro
Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro
Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta
Estado da Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

7. MOCIÓN DO BNG PARA MODIFICAR O ACCESO Á VIVENDA NO CONCELLO DE DODRO

Procédese co seguinte punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente e le o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, Xoán Bautista Mariño Abuín:

“A situación actual no acceso á vivenda en Galicia é preocupante por unha falta de planificación e previsión. En todo o país observamos como soben os prezos tanto para comprar como para alugar mentres descende ou desaparece o acceso á vivenda pública.

Pese á Constitución de 1978 (Artigo 47) ou a actual lei estatal 12/2023 de 24 de maio, polo dereito a vivenda que xa di no preámbulo sobre as vivendas sociais que o parque de 290.000 vivendas sociais apenas ofrece cobertura a un 1,6 % dos 18,6 millóns de fogares que habitan no estado , estamos no ámbito galego nestes últimos 14 anos nun páramo en materia de vivendas públicas. Os datos falan por si sós e o parque galego de vivenda pública en alugueiro que en Europa é o 9,3%, en Galiza non acada o 1%. Dodro non é alleo por desgraza a esta

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

realidade. O esquecemento e abandono do noso rural tamén é a falta de vivenda digna para moitos colectivos que ven como escasean as vivendas fronte a un incontrolado boom de aloxamentos turísticos na nosa comarca. As distintas normativas sinalan xa ás persoas mozas que teñen que atrasar a idade de emancipación polas súas dificultades para a incorporación ao mercado de traballo e o acceso á vivenda. Pero tamén Dodro percibe o drama de persoas separadas ou en risco de perda da súa vivenda sexan cales sexan as causas, persoas con poucos medios, persoas que teñen traballos temporais no noso municipio ou comarca ou persoas inmigrantes non logran atopar vivenda digna.

Por todo isto o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes
ACORDOS

1.- Instar ao goberno de Dodro a adoptar as medidas necesarias municipais para crear unha bolsa de vivendas novas ou de alugueiros sociais ou accesibles.

2.- Instar ao goberno do concello de Dodro, da Xunta de Galiza e do goberno do Estado a establecer liñas de axuda para a rehabilitación e creación de vivenda en Dodro".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, vou dar un turno aos portavoces. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si. O dereito a unha vivenda digna está recollido tanto no Constitución Española, como na lexislación estatal e autonómica e recoñecese, a importancia das políticas públicas garantindo este dereito.*

Agora ben, o exercicio definitivo das competencias sobre a vivenda, realízase en xeral, por parte do Estado e das Comunidades Autónomas, quedando os municipios cun papel subsidiario ou complementario, maioritariamente orientado á promoción, xestión e conservación da vivenda da de protección pública e a ordenación do seu territorio a través dos instrumentos de planeamento urbanístico.

A lei 7/1985, que regula as Bases do Réxime Local, sinala que os municipios teñen competencia en planeamento, xestión, execución urbanística e promoción e xestión da vivenda de protección pública, pero sempre nos términos de lexislación estatal e autonómica, non podendo exercer o marco legal nin asumir obrigas que superen as súas capacidade competencial e financeira.

A moción propón: en primeiro lugar, que o Concello cree unha bolsa de vivenda nova ou de aluguer social accesible. En segundo termo: insta ao Concello a demandar diante da Xunta de Galicia e do Goberno do Estado, liñas de axuda para a rehabilitación e creación de vivenda no término municipal. Se ben é certo que os Concellos poden xestionar bolsas municipais de vivenda e colaborar cos

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

programas promovidos polas administracións estatal e autonómica, a creación efectiva dun parque propio de vivenda social ou accesible, depende fundamentalmente da existencia de recursos axeitados, da titularidade do inmoble e do solo ou do solo e da capacidade, tanto de planificación como de execución financeira, do municipio.

En concreto, as competencias máis amplas sobre promocións e xestión de vivenda protexida, así como sobre bolsas de vivenda social, recaen sobre a Xunta de Galicia a través do Instituto Galego De Vivenda e Solo, órgano que exerce competencia plena na materia, elabora os plans e programas en materia de vivenda, xestiona as medidas para o acceso e rehabilitación e manexa a bolsa autonómica e o rexistro de demandantes da vivenda protexida.

O Concello pode impulsar acordos de colaboración, adherirse os programas existentes, facilitar solo municipal ou propoñer a Xunta actuacións de interese pa a veciñanza, pero non lle compete en exclusiva e con medios propios, crear nin xestionar un parque municipal de vivendas sociais, máis aló do marco xurídico e financieiro, establecido pola Comunidade Autónoma.

Outro aspecto clave é que de acordo coa lexislación vixente para asumir competencias diferentes das estritamente propias, por exemplo, xestionar bolsa propia de vivenda social de nova creación ou asumir rehabilitación de vivenda con fondos municipais, esíxense unha serie de condicións formais e materiais, non poñer en risco a sustentabilidade financeira do Concello, evitar duplicidades con outras administracións e contar cun informe vinculante da administracións competente que ratifica a existencia de dito risco. Sen estes requisitos previos, o Concello non pode legalmente asumir competencias que lle corresponde de forma exclusiva á Xunta e ao Estado .

O concello de Dodro, carece dos medios legais e orzamentarios necesarios para abordar en solitario a creación dunha bolsa de vivenda social ou a promoción directa de novas vivendas accesibles."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Agrupación Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, en primeiro lugar, recollendo as palabras do señor Castro nos primeiros puntos, se foran máis breves as súas intervencións, tanto a del como a do señor voceiro do PSOE, pois nos evitaría perder o tempo tan inútil. Sería moito de agradecer.*

No que respecta á moción, señor Mariño, se algo hai en Dodro, son vivendas baleiras. Todas as aldeas teñen vivendas baleiras, pero ese non é o principal problema da vivenda, señor Mariño. O principal problema da vivenda é a política que vén seguindo o goberno do señor Sánchez e a súa banda do PSOE, que tanto apoia o BNG e que segue a impulsar, a ocupación de vivendas, sexan estas baleiras ou estean ocupadas.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Ese é o principal problema da vivenda que expulsou a moitos arrendadores do mercado, por medo a perder a súa vivenda. E no que respecta o noso concello, hai un problema máis, e é o seu goberno municipal, un goberno que abandona o coidado das aldeas, do patrimonio público e castiga os seus veciños, día si e día tamén.

E por certo, señor Mariño, o BNG gobernou durante 4 anos en Dodro, vostede prestou o apoio necesario o PSOE para manter o goberno dende o ano 2019. Que fixo o BNG durante todos este tempo en Dodro para conseguir o que agora propón?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular, por favor."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Nós queremos presentar unha emenda transaccional, se a acepta.*

É verdade que os acordos, pois non están moi ben axustados, entón bueno nos cambiariamos o primeiro punto por "Instar o goberno de Dodro a adoptar en colaboración co goberno da Xunta de Galicia, as medidas necesarias para crear unha bolsa de vivendas públicas ou de alugueiros accesibles para a cidadanía", porque efectivamente a competencia, o Concello de Dodro, non ten moita en ese sentido.

E no segundo punto, cambiariámolo por "instar ao Concello de Dodro, a reforzar o seu compromiso coa vivenda e establecer liñas de colaboración e aproveitar as ferramentas, achegas e recursos artellados por outras administracións", aí englobariamos a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado, para a rehabilitación e disposición de máis vivenda accesible para a veciñanza no municipio. Non sei si, ten que aceptalo. Pois si aceptan esta emenda, nós votariamos a favor desta proposta."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si. Bueno, nós tamén estamos a favor da... desta, tanto das modificacións como da moción.*

Basicamente o que queríamos é que nos explicase como se podería facer aquí no concello, no acordo número 1, o sea non, porque o Concello non ten, evidentemente non ten competencias na vivenda. Esto de crear a bolsa de vivendas novas, vivendas novas que sepa, eu non hai, non hai vivendas novas que se poidan poñer na bolsa.
Xa nós, cando estivemos gobernando, fixemos unha bolsa de vivendas, a maioría vivendas baleiras e con xente que quería alquilalas, pero foi nós imposible, porque non... non había... non había a posibilidade legal de publicala. E queriamos saber a ver como se podría facer? Esa bolsa nós témola feita, o sea,

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

pero foi imposible.

Tamén queriamos ver, a ver donde se podría publicar, porque non temos nin páxina web, por eso que... a ver, podríase facer, pero onde se publica, non temos páxina web.

E claro, o Concello tampouco ten vivendas en propiedade, como pode, como pode ter Rianxo, a Casa dos Maestros ou outros concellos, nós aquí non, que sepa eu, a única vivenda propiedade que ten o Concello é casa social de Lestrobe, será... sería a única que se podería poñer. Entonces a ver, que nos explique como... como se pode facer.

E bueno, na segunda... evidentemente, líneas, líneas de axuda hainas, sacounas e publicitounas o Concello; evidentemente é unha línea de axuda moi pequena, que se acaban en dous meses, acábanse xa, pero bueno sigue habendo líneas de axuda, e bueno basicamente eso, que nos explique eso.

Estamos a favor desta moción."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Bueno, antes de nada, como sempre, grazas a todas aquelas persoas que apoian o que é os acordos desta mocións, aceptamos a transacción que propón o partido Popular, porque ao fin e ao cabo, nós o que queremos é que se traballe en favor da vivenda. Eu creo que en eso, a calquera de nós se nos achegou alguén preguntando por unha vivenda, iso creo que ninguén o pode negar.*

A idea non é a ferramenta, a ferramenta haberá que buscar desde o concello, humilde como o de Dodro, cal é a máis a máis acaida, evidentemente non é o concello de Rianxo, non é o concello de Ames, por exemplo... Ao mellor non temos chan, como apuntaba o portavoz do Partido Socialista, como para cederlle á Xunta e poder faceren obras novas, pero unha bolsa de vivenda, si que hai concellos que poden informarse perfectamente o equipo de goberno do PSOE, en outros concellos, para para elaborala e para poder, se algún día se pode, publicitala na na páxina web do concello.

Simplemente creo que nos fai falta tamén na comarca, bueno. Nós estamos en Dodro, creo que é un pleno que si ten contido, fronte a outra xente que di que non, non, non é un pleno con contido, pois o contido coma este, como a lei de... que nos afecta o patrimonio ou a lei que nos afecta ou as leis que nos afectan e que non se desenvolven de vivenda, eu creo que é bastante importante para unha poboación que cada vez flutúa máis.

Estamos insisto de acordo en que máis alá da das promesas de creación de vivenda, que é unha evidentemente unha correspondencia ou perdón, unha

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

competencia da Xunta e do Estado, eu creo que o concello de Dodro, en ese sentido, ten que chamar á porta e ten que ofrecer se é que hai, como dicía o portavoz do Partido Socialista, unha parcela para poder cederlle e para poder evitar dicir sempre non ou dicir, mira que esta casa non a alugan. Eu creo que hai un labor pedagóxico, tamén importante que hai que facer por parte de quen está agora ostentando o goberno municipal.

Dito esto, aceptamos insisto, as propostas do Partido Popular para engadir e transaccionar esta... esta moción."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Bueno, pois eu quero facer unha última intervención, como concelleiro de Vivenda que son, aquí no concello de Dodro.*

Simplemente, recordarlle aos grupos políticos que o goberno de Dodro está facendo o posible ou o imposible, por atopar vivenda no Concello nova, usada... pero dentro das capacidades que nos permite a lei, que son, basicamente ningunha. Estamos facendo un esforzo personal, personal na busca, no contacto e no asentamento de familias novas no concello de Dodro. Seguiremos traballando nese sentido.

Se nos instan, se o resultado da moción de hoxe é a favor, polo que vexo, a adoptar as medidas necesarias municipais para crear unha bolsa de vivendas novas ou de vivendas sociais ou accesibles, faremos o que poidamos, tendo en conta os recursos do concello de Dodro que son escasos, por non decir nulos, non temos solo.

Este alcalde que lles fala é alcalde desde hai 6 anos e é concelleiro desde fai máis de 30, aquí gobernaron moitos partidos, un maioritariamente, que non fixo absolutamente nada, nada, nada, nada, pola vivenda pública no concello de Dodro. Aquí está sentado neste pleno unha un exalcalde que no fixo nada, nin un solo movemento, nin un solo movemento, porque aquí houbera vivenda pública, como moi ben dixeron dous portavoces, o Concello de Dodro non ten unha soa vivenda en propiedade que poida destinar nin a aluguer nin a nada e mira que nos pesa e que nos doe, non?"

Interrompe o voceiro de Unidade Veciñal de forma intelixible

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Que se poida dedicar a vivenda, non. E desde que estou eu de alcalde, efectivamente, con moito esforzo se adquiriu unha vivenda en en Lestrobe que estamos pensando destinala ao local social e bueno seguiremos buscando formas de financiación e formas de mellora para atopa algún tipo de vivenda. Xa digo, facemos todo o que podemos e bueno, dito esto e tratando de explicar o que podemos facer, pois nada, vamos a proceder a votación."*

Falan varias persoas á vez de xeito inintelixible.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A perdón, perdoa que...?"*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"A transacción."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A transacción do Partido Popular."*

Procédese á votación da transacción en primeiro termo, tal e como determina o artigo 43 do Regulamento Orgánico Municipal.

Votacións:
Votos a favor: 5
1 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro
Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro
Abstencións: 3
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría simple
Estado da Proposta: Aprobada

Aprobada a transacción, a moción queda redactada da seguinte maneira:

A situación actual no acceso á vivenda en Galicia é preocupante por unha falta de planificación e previsión. En todo o país observamos como soben os prezos tanto para comprar como para alugar mentres descende ou desaparece o acceso á vivenda pública.

Pese á Constitución de 1978 (Artigo 47) ou a actual lei estatal 12/2023 de 24 de maio, polo dereito a vivenda que xa di no preámbulo sobre as vivendas sociais que o parque de 290.000 vivendas sociais apenas ofrece cobertura a un 1,6 % dos 18,6 millóns de fogares que habitan no estado , estamos no ámbito galego nestes últimos 14 anos nun páramo en materia de vivendas públicas. Os datos

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

falan por si sós e o parque galego de vivenda pública en alugueiro que en Europa é o 9,3%, en Galiza non acada o 1%. Dodro non é alleo por desgraza a esta realidade. O esquecemento e abandono do noso rural tamén é a falta de vivenda digna para moitos colectivos que ven como escasean as vivendas fronte a un incontrolado boom de aloxamentos turísticos na nosa comarca. As distintas normativas sinalan xa ás persoas mozas que teñen que atrasar a idade de emancipación polas súas dificultades para a incorporación ao mercado de traballo e o acceso á vivenda. Pero tamén Dodro percibe o drama de persoas separadas ou en risco de perda da súa vivenda sexan cales sexan as causas, persoas con poucos medios, persoas que teñen traballos temporais no noso municipio ou comarca ou persoas inmigrantes non logran atopar vivenda digna.

Por todo isto o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- Instar o goberno de Dodro a adoptar en colaboración co goberno da Xunta de Galicia, as medidas necesarias para crear unha bolsa de vivendas públicas ou de alugueiros accesibles para a cidadanía.

2.- instar ao Concello de Dodro, a reforzar o seu compromiso coa vivenda e establecer liñas de colaboración e aproveitar as ferramentas, achegas e recursos artellados por outras administracións, para a rehabilitación e disposición de máis vivenda accesible para a veciñanza no municipio.

Procédese á votación da moción

Votacións:
Votos a favor: 5
1 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro
Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro
Abstencións: 3
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Resultado: Maioría simple
Estado da Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

C.2) MOCIÓNS URXENTES

Non hai.

D) CONTROL DO GOBERNO:

8. ROGOS E PREGUNTAS

Rogos escritos

Non hai.

Rogos orais

Abandonan o pleno sr. Alfonsín e o sr. Boga, concelleiros de Xente de Dodro, sendo as 21:03 h.

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nos temos que marchar."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Ahora veulle a prisa."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Hai rogos orais."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Antes llo digo, antes marcha."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eso é o que lle importa a algúns a política municipal. Bueno, rogos orais algún ten algún rogo oral? "*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, nós temos."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, pois bueno, portavoz."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Temos dous."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, o primeiro acábaseme, de ocorrer, pero pregaríalle ao señor alcalde que mirasen a posibilidade de que quen non asiste a todo o pleno non cobre o pleno, porque parécenos xa un pouco de risa, vir aquí un ratiño para poder cobrar a asistencia ao pleno e despois marcharse desa maneira. Ese é un.*

E o segundo rogo é: Este grupo municipal remite por mail ao departamento correspondente do Concello a maioría das nosas intervencións nos plenos, xa sei que o mencionei antes cando falamos das actas, pero queremos que conste como un rogo."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Cando o Concello remite as actas para a súa aprobación, vemos que as as copian de calquera maneira, e todo de corrido, sen espazos e moitas veces cambiando ou eliminando palabras, puntuacións e signos ortográficos.*

Si remitimos as intervencións por mail, é para facilitar o traballo e que se copien como a remitimos, xa que é a intervención literal feita no pleno.

Cando non se remite a intervención e o persoal encargado fai a transcrición, pois estas están feitas todo de corrido, sen ningunha puntuación ortográfica, non existen os puntos nin os puntos aparte e en moitas ocasións nin sequera se entende o que está escrito.

Pregamos máis rigor á hora de confeccionar as actas e pregamos que así, as intervencións que remitimos por mail, se copien tal cual se remiten, sen modificar a estrutura nin a puntuación ortográfica das intervencións."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, tomamos nota. Algún outro rogo oral."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Eu nada, eu rogaríalle a a alguén do goberno que se acercase pola aldea de Teaio, para ver os problemas de aparcamento de algúns coches na rúa, que impiden o paso por algúns sitios. Hai coches aparcados que... xa pasou en algunha aldea máis e ahora está a pasar en Teaio, a este ritmo vainos pasar en casi todas. Eu rogaríalle que polo menos que pasaran por alí a ver o problema."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Solo este?"*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Na máis."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si o rogo é que achegue o equipo de de goberno do PSOE as datas nas que ten previsto acometer todas as cuestións aprobadas en pleno a instancia do BNG, visto que a estas alturas do mandato algunhas aprobadas no inicio aínda están sen desenvolver, algunhas acabamos de ver que "estamos trabajando en ello", pero bueno, outras non."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben tomamos nota."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Despois temos unha pregunta oral."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois cando queiras, cando queiras, cando queiras."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Vale, vale.*
A primeira, na empresa Matadoiro del Sar S.L., lévanse facendo obras dende fai varios anos, entre elas, pintado de fachadas con rótulos, apertura de fiestras e peche doutras, arranxo de tellados, instalacións de placas solares, instalación de maquinaria no exterior con diferentes obras, urbanizacións interiores e exteriores, instalación de maquinarias cun valor de 3,7 millóns de euros, que contou cunha subvención pública de 1,7. A construción dunha depuradora con máis capacidade que a da EDAR do concello de Dodro e que está construída na zoa de protección dun regato. E segundo declaración a presa, leva invertido a empresa entre 8 e 9 millóns de euros, do que o concello tería que ingresar en concepto de imposto de construción, instalacións e obras, unha cantidade considerable, posiblemente que se achegue aos 200.000 euros. Unha cifra que suporía unha boa axuda para cadrar os orzamentos de 2026, que temos sen aprobar precisamente.

Todas estas obras, á parte de Google Maps, poden velas toda a veciñanza e imaxino que tamén o equipo de goberno, cando pasan polas estradas e pistas que acceden a esta empresa. Non son obras que pasen desapercibidas precisamente.

Lembrar que no pleno de marzo ante unha pregunta do mesmo tipo, o alcalde dixo "non saber nada e que contestaría por escrito á maior brevidade" e no mes de setembro, ante outra pregunta, dixo que "ía a mandar ao técnico en urbanismo á empresa para que regularizaran as obras", non tivemos ningunha resposta desde aquela.

Ante todo o anterior, pode decirnos en que Xunta de Goberno se autorizaron

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

todas estas obras despois de varios anos do seu inicio?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos a ver, mire, sobre este asunto, hai varios expedientes 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, algúns pechados, outros non pechados, outros substituídos.*

Coméntolle. Expediente 2019/U021/00001 del 3 del 12 del 19, cunha solicitude de cambio de titularidad, o expediente 2021/U019/00002 do 28 do 10, donde se renuncia a ese expediente.

No U022, o 5 do ano do 21 colocación de cuberta de panel-sándwich que se renuncia ao expediente.

Expediente 2021/U026/0019 con colocación de nova cuberta de panel-sándwich, que está en está en tramitación e que se que se tramitou.

Expediente 21/U026/0085 do 1 do 9 do 21, acondicionamento de cámaras, que ten unha resolucións favorable. Este si que lle podo dicir as taxas 3.675,14 máis 60 de, de taxa.

Expediente 2022/U001/00007 do 21 do 4 do 22, que é un certificado urbanístico de 21,50.

Unha solicitude de licenza de pavimentación exterior Mataderas de Sar do ano 22, que se renunciou e que se volve a presentar como expediente 006.

Un cambio de titularidade do expediente 2023/U020/002 con un cambio de titularidade, taxa 60 euros.

Outro expediente o 003, tamén co cambio de titularidade, outras taxas de 60 euros.

O expediente 2023/U020/00004 do 23, con outro cambio de titularidade, tamén con outro pago de taxa de 60 euros.

Outro expediente do 23, con informe favorable, que é ó que habían renunciado ao principio, cun pago de taxas de 4.400 euros.

E un expediente 23U0026, número 061, de instalación de placas fotovoltaicas de... con unha taxa de 5.182.

Unha comunicación previa que presentaron no ano 25, cun pago de taxas de 5.600.

Todo esto. Hai algúns pendientes de informar, outros resoltos y outros tal.

Non me consta en absoluto, para nada vamos, ademais a construción dunha

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

depuradora, con máis capacidade ca da EDAR do concello de Dodro e que está construída na zona de protección dun regato... e máis. Non me consta, non o vin, non o sei."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Google Maps, mire en Google Maps."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Y eso vai a ir a evidentemente a Augas de Galicia, pois."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Pero mire non me contestou..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A que?."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"En que Xunta de Goberno se autorizaron as obras?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois algunhas están informadas favorablemente, outras teñen son comunicacións previas y outras están pendentes"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"O que son obras sin autorizar."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Están pendentes e outras..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Están todas as obras sin autorizar."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No, no, no, hai de todo, hai obras..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"No, no, de todo non. En que Xunta de goberno se autorizaron?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois a Xunta de goberno, non o sei, estoulle dando o número de expedientes."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Como non o sabe? Non sabe en que Xunta de goberno se autorizaron?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No, no, no, porque hai obras que non foron a Xunta de goberno que son comunicacións previas."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Como que?"*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, si. Hai obras que son comunicacións previas e que outros foron á Xunta de Goberno, non sei en que Xunta de Goberno, de todas maneiras..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"O sea, están todas as obras sen autorizar."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, si, no, no. Hai obras autorizadas..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Basicamente."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Resolución favorable."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Están."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Hai resolucións favorables."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Estame confirmando que están tódalas obras sin autorizar."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No, no, no.Estoulle dicindo que hai resolucións favorables a expedientes de licencia que están resoltos favorablemente. Non lle estou dicindo que non están as obras sen autorizar todas. No, estoulle dicindo que hai algunhas que si e outras que non. Dixen expediente."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Claro as obras menores."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Expediente."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Claro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, as obras menores. Hai obras que teñen... esto non é un debate."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Claro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Vicente, estoulle contestando ao que lle estou contestando. En que Xunta de Goberno?, non podo dicirllo. Estoulle dando unha... estoulle dando unha contestación."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Cal é o motivo, porque no pode dicirmo?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Porque non o sei ahora mismo."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Pero se tivo 3 días a pregunta aquí."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois non, non, non."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Tuvo tres días, a pregunta aquí."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois...non fun capaz de atopar a Xunta de Goberno."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Vale correcto."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ten outra pregunta?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Son eu, non?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, Si."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"No mes de maio, do pasado ano, adxudicouse definitivamente a licencia de taxi número 2 de Dodro. A día de hoxe, aínda non está finalizada a parada nin de xeito vertical nin horizontal. Polo que non é posible, por parte dos usuarios, saber donde se atopa o taxi. Tampouco se pode publicar, tampouco se pode publicar a localización nas redes sociais, ao non ter un lugar específico, a parada. Pode dicirnos porque non se puxo sinal de parada de taxi, despois de que o adxudicatario presentase una oferta económica de 14.000 euros e que o Concello ingresou despois a a adxudicación definitiva?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois mire, non se presentou, non se fixo a sinalización, porque non tiñamos claro donde, deixamos que o concesionario desta licencia, vira donde podería ville mellor y temos un proxecto que se levará a cabo cerca da cerca do Centro de Saúde de Dodro que leva... leva aparellado a nova a nova plaza de taxi, unha sinalización nova da farmacia e unha sinalización nova de... diante do Centro de Saúde. Y se fará en breve, tan pronto, tan pronto o orzamento do ano 16, permita esto. Evidentemente, estamos pendentes da autorización da AXI, porque é nos límites de unha da carretera A3 AC307.*

Non hai máis preguntas escritas. Hai algunha pregunta oral?"

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *" Si, nós temos unha.*

Con data 29 de decembro pasado, recibimos comunicación electrónica de cambio de data para a celebración deste pleno ordinario que correspondía celebrarse o

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

día oito. Na comunicación, indicábase que o motivo do cambio da data, era debido a prazos de tramitación de puntos a incluír na orde do día, visto que neste pleno no se inclúe ningún punto de deliberación e acordos, salvo aprobación das actas moi atrasadas.

Pode dicirnos a que prazos de tramitación se refería e que non puideron finalmente incluír, entendemos, na orden do día e cal é o motivo real polo que se cambiou o pleno?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si que podo, si. Son as obras do POS que pensabamos ter toda a documentación para presentar neste pleno e haberá que facer un pleno extraordinario de aquí a final de mes, para traelas a este pleno. Esa era a nosa intención, facer todo o posible, pero bueno, as cousas do... de fóra, de fóra do Concello, non manexamos nós os tempos.*

Algunha outra pregunta oral?"

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Adiante."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"En xaneiro de 2025 rematou a instalación das novas luminarias do campo de fútbol de Chenlo, gracias a unha proposta da Unidade Veciñal de Dodro. Despois dun ano, a instalación de algunhas torres presentan problemas, xa que non están operativas ou fan saltar os diferentes sistemas de protección, polo que hai parte do campo que non están iluminados e presentan os mesmos problemas que antes da substitución das vellas. Pode dicirnos cal é o problema para que as novas luminarias non funcionen na súa totalidade e se está identificado o problema?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois mire usted, si teño un informe aquí de... das torres, de contactos ca empresa, está todavía en garantía e podolle decir. Hai tres unidades fóra de funcionamento, as da torre, as tres da torre número 2 que segundo unha representación gráfica, teñen... teñen un unha organización... unha representación no cuadro eléctrico.*

Tamén hai unhas unidades que son inferiores que deben estar en mal estado, porque pensamos que fan saltar o diferencial, tampouco sabemos si é pola unidade de iluminación ou si é polo cable, pola liña que leva que leva a corriente alí.

Esta claro que estamos intentando solucionar esto, de tódalas formas posibles. Estamos xa en contacto coa empresa, pasándolle estes informes técnicos elaborados polos servizos do concello de Dodro para que se solucionen,.

Un proxector, o da torre número 2, vén dando problemas desde o inicio da instalación. O proxector superior comentou a fallar no mes de outubro do 25 e os

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

proxectores inferiores comenzaron a fallar no mes de maio do 25. A instaladora, cambiou un diferencial por outro de 300 de 30.000 amperios por outro de 300.000 amperios, pero non se solucionou o problema.

Estamos pensando que posiblemente que sexa un problema de liña, de cable e que teremos que ver que o Concello terá que correr con ese... con esa solución."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Imos o barato."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Algunha pregunta máis, por favor?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"No eu,no."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Nós temos unha. Se o Concello reclamou ou contactou con Mobilidade para saber como está o tema das alegacións presentadas pola veciñanza e que accións ten previstas ante o aumento do recorte de autobuses que sufrirá Dodro?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si creo que están, creo que están contestando directamente a todos os... cada un dos que fixeron as alegacións. A nós, a min como alcalde, non me consta que nos contestara, pero a o portavoz do PSOE..."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Claro pero falo do Concello."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No, no. Pero a nós, a nós como Concello, non nos contestaron aínda alegacións, cónstanos que están contestando as alegacións, pero non nos consta que... nin nos chamaron a outra reunión nin nos... nin nos contestaron á alegación.*

Algunha pregunta máis?"

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pois como nós temos aínda unha pregunta oral, ao oír esa pregunta, se no lo permite, facíamos outra."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, si. Non hai ningún problema."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Pois ao oír o da pregunta do do BNG, co tema dos autobuses, queríamos saber, cando vostede se reuniu en Mobilidade na Xunta de Galicia e lle indicaron as liñas de autobuses que... que pretendían poñer. Queremos saber se vostede solicitou algunha liña e algún horario máis de autobuses dos que lle plantearon?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois non. Eu alí, fun de oínte y...*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

planteáronme unhas... unhas solucións, que logo foron as que puxeron no papel y que eu bueno, pois simplemente, respectuosamente atendín, porque había cousa que non me encaixaban nin... pensei, considerei que non era o momento nin de... nin de... nin de terquear nin de decidir eu alí o que eu solo non tiña que decidir. Basicamente"

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pero despois tampouco solicitou máis liñas, non?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Despois presentei unha alegación ás liñas feitas."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Vale."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Que é o que me pareceu que era o procedemento.*

Algunha pregunta máis? Creo que non? Non. Pois moitas gracias por vir."

Ás 21:17 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Dodro, documento asinado dixitalmente
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:22:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: tnTTvw1mIVP1jxbtggTe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/